



Galicia dixital

O Hipersector TIC en Galicia

Edición 2025



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2025

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Galicia dixital O Hipersector TIC en Galicia

**Observatorio da Sociedade da Información
e a Modernización de Galicia (OSIMGA)**

Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de
Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
2025

DESTACADOS



No 2023, Galicia mantén o quinto lugar do ránking estatal no número de empresas do Hipersector TIC




As 4.098 empresas galegas do Hipersector TIC aumentan o seu peso sobre o total español dende o 4,7 ao 4,9%, e son no 2023 o 1,7% do total de empresas de Galicia.



No 2024, o Hipersector TIC incrementou o número de traballadores/as ata os 29.099 empregados/as cun crecemento do 1,9% dende o ano anterior.



O Hipersector TIC exportou máis de 136 millóns de euros no ano 2023.




No último ano o
número de
empresas do
Hipersector TIC
economicamente
activas en Galicia
foi de 4.098



ÍNDICE DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN	6
1. Demografía empresarial e peso na economía galega	8
2. Emprego	27
2.1 Emprego por provincias	28
2.2 Emprego por áreas de actividade	30
2.3 Emprego segundo o xénero	33
2.4 Emprego por réxime de cotización	34
2.5 Emprego por áreas comarcais	36
3. Comercio exterior	39
4. Innovación tecnolóxica	44
5. Patentes	56
Anexo: Definición da áreas macrocomarcais	58



INTRODUCCIÓN

A edición 2024 do informe do Hipersector TIC achega unha caracterización actualizada do Hipersector TIC na Comunidade Galega. É elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), órgano da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

O Hipersector TIC comprende o sector TIC e o de contidos e servizos audiovisuais. Xoga un papel importante no terreo da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, ao ser provedor e demandante dos servizos e produtos tecnolóxicos mais avanzados. É un dos principais motores económicos e tecnolóxicos do país e contribúe a transformar a forma en que operan as empresas e o xeito en que as persoas se relacionan coa tecnoloxía.

A elaboración deste informe é posible grazas á colaboración do Instituto Galego de Estatística, en virtude do convenio de colaboración asinado coa Amtega, que achega os datos necesarios para a súa elaboración. Tamén achegou información o INE e a Oficina Española de Patentes e Marcas. Tamén se nutre de información procedente da enquisa ás empresas TIC, que realiza OSIMGA e datos secundarios publicados por INE, IGE e EUROSTAT.

O informe está en consonancia coas directrices e obxectivos marcados na **Estratexia Dixital de Galicia 2030 (EGD2030)**, que identifica ao Hipersector TIC como un dos sectores con maior potencial de crecemento nos próximos anos, e xera redes de valor co resto de usuarios dixitais, empresas tractoras e sectores económicos.

Táboa 1. CNAE-09. Hipersector TIC

Sector TIC
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados
26.2 Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos
26.3 Fabricación de equipamentos de telecomunicacións
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
46.5 Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións
58.2 Edición de programas informáticos
61.1 Telecomunicacións por cable
61.2 Telecomunicacións sen fíos
61.3 Telecomunicacións por satélite
61.9 Outras actividades de telecomunicacións
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
63.1 Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas; portais web
95.1 Reparación de ordenadores e equipamentos de comunicación
Sector dos contidos e medios de información
58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais
59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión
59.2 Actividades de gravación de son e edición musical
60.1 Actividades de radiodifusión
60.2 Actividades de programación e emisión de televisión
63.9 Outros servizos de información

Ficha técnica

O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades produtivas que conforman o Sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais.

As actividades que constitúen o Hipersector TIC descríbense tomando como referencia os traballos desenvolvidos pola OCDE e o INE. Na táboa da dereita detállanse as actividades económicas incluídas, segundo a súa codificación no CNAE-09.



1 DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL E PESO NA ECONOMÍA GALEGA

O número de empresas do Hipersector TIC en Galicia acada 4.098 no 2023

O directorio de empresas e unidades locais aplica, dende o ano 2023, unha mellora metodolóxica. Pasa a contabilizar unicamente as empresas economicamente activas. Era esperable que esta depuración da información provocase un descenso na contabilización do número de empresas. Así, as comparacións cos anos anteriores que se presentan neste informe fanse a título orientativo, xa que aplicaban distintos criterios metodolóxicos.


En Galicia, ao final do 2023, existían un total de 4.098 empresas desenvolvendo actividades encadradas no Hipersector TIC. O 75,8% realizaban actividades no subsector TIC e o 24,2% no subsector de Contidos. Ráchase así co crecemento no número de empresas sostido nos últimos anos ao descender un 1,7%. Aínda así acumula un aumento dun 7% dende o 2019.

A análise dos dous subsectores que conforman o Hipersector TIC indica que:

- O sector TIC acada as 3.108 empresas, 32 menos que o ano anterior.
- O sector Contidos queda en 990 empresas en Galicia, 40 menos no último ano.

Veremos máis adiante, ao longo do informe, como a baixa débese á exclusión de entidades inactivas, polo que o emprego, facturación e comercio exterior non descenden, senón que se concentran nesta cantidade inferior de empresas.

Gráfico 1. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia. 2019-2023



Fonte: IGE. Directorio de Empresas

Nota metodolóxica: a partir do ano 2023 inclúense unicamente as empresas economicamente activas, polo que os datos non son estritamente comparables cos anos anteriores.


Táboa 2. Empresas do Hipersector TIC. Ano 2023 (Número de empresas)

Sector TIC	
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados	9
26.2 Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos	28
26.3 Fabricación de equipamentos de telecomunicacións	12
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo	8
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	0
46.5 Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	269
58.2 Edición de programas informáticos	41
61.1 Telecomunicacións por cable	26
61.2 Telecomunicacións sen fíos	19
61.3 Telecomunicacións por satélite	4
61.9 Outras actividades de telecomunicacións	133
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	2084
63.1 Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas; portais web	188
95.1 Reparación de ordenadores e equipamentos de comunicación	287
Sector dos contidos e medios de información	
58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	297
59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión	515
59.2 Actividades de gravación de son e edición musical	72
60.1 Actividades de radiodifusión	44
60.2 Actividades de programación e emisión de televisión	17
63.9 Outros servizos de información	45
TOTAL HIPERSECTOR TIC	4098

Fonte: IGE. Directorio de Empresas

As empresas dedicadas a actividades de "Programación, consultaría e outras actividades informáticas" (CNAE 62) representan o 50,9% do total das empresas do Hipersector TIC no 2023. Dentro do subsector TIC o seu peso acada o 67,1%.

Dentro do Sector Contidos destacan as empresas de "Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión" (CNAE 59.1), que representan o 12,6% do Hipersector e as de "Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais" (CNAE 58.1), que representan o 7,2%.




Peso dos subsectores TIC

No 2023 a taxa de crecemento neto das empresas do Subsector TIC e das empresas do Subsector Contidos seguen a ser positivas

O peso das empresas so sector TIC respecto das de contidos en Galicia é de aproximadamente o triple. O aumento do peso no último ano débese tomar con cautela, polo cambio de metodoloxía, que exclúe empresas economicamente inactivas.

Gráfico 2. Evolución do peso do sector TIC e de contidos respecto do total do Hipersector TIC por número de empresas en Galicia



Fonte: IGE. Directorio de Empresas
Nota metodolóxica: a partir do ano 2023 inclúense unicamente as empresas economicamente activas, polo que os datos non son estritamente comparables cos anos anteriores.


A análise da evolución do peso dos principais subsectores amósanos tendencias claras. Actividades informáticas permanecen estables arredor do 50% do sector. Aumenta o seu peso a reparación de equipos e de actividades audiovisuais mentres o perden o comercio tic e as actividades editoriais.

Táboa 3. Peso dos principais subsectores de actividade do Hipersector TIC por número de empresas

	2019	2020	2021	2022	2023
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	50,6%	49,9%	49,1%	50,1%	50,9%
59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión	10,0%	10,6%	11,5%	12,2%	12,6%
58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	9,8%	9,5%	9,0%	8,4%	7,2%
95.1 Reparación de ordenadores e equipamentos de comunicación	5,5%	6,3%	7,0%	6,5%	7,0%
46.5 Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	8,7%	8,3%	7,9%	7,2%	6,6%

Fonte: IGE. Directorio de Empresas
Nota metodolóxica: a partir do ano 2023 inclúense unicamente as empresas economicamente activas, polo que os datos non son estritamente comparables cos anos anteriores.

Emprendemento TIC



No 2022 a taxa de crecemento neto das empresas do Subsector TIC e das empresas do Subsector Contidos seguen a ser positivas

A taxa bruta de natalidade empresarial describe a porcentaxe de empresas nadas por cada mil empresas respecto ao total de empresas ao comezo dese ano. Paralelamente, a taxa de mortalidade rexistra as que desapareceron.

En 2023 aplícase un cambio metodolóxico na definición de “empresa” ao esixir que fose “economicamente activa”. Neste ano comeza unha nova serie, que esará dispoñible a partir de 2024, dando comezo a unha nova serie.

Por tanto, replícanse os datos do ano anterior. As empresas que naceron ou se deron de alta no Hipersector TIC galego durante o 2022 foron máis que as empresas que desapareceron ou deixaron a súa actividade empresarial. Ambos os dous subsectores do Hipersector TIC amosan un crecemento significativo, xa que as taxas de natalidade superan ás de mortalidade en 37,1 puntos no sector TIC e en 62,2 no dos Contidos.

Táboa 4. Taxas de demografía empresarial dos subsectores do Hipersector TIC 2019-2022

SUBSECTOR TIC	TAXA BRUTA DE NATALIDADE	TAXA BRUTA DE MORTALIDADE	TAXA DE CRECEMENTO TOTAL
2019	174,3	124,0	50,3
2020	152,2	137,0	15,2
2021	123,6	112,1	11,5
2022	139,1	102,0	37,1
SUBSECTOR CONTIDOS	TBN	TBM	TCT
2019	154,2	88,4	65,8
2020	150,1	121,1	28,9
2021	106,5	86,6	19,8
2022	130,5	68,3	62,2

Fonte: IGE

Taxa de Actividade Emprendedora


A Taxa de Actividade Emprendedora (TEA) indica a porcentaxe de poboación activa nun sector que está dedicada a iniciativas emprendedoras. O cambio de metodoloxía no último ano, fai que a serie histórica non sexa comparable, hai un salto de 2022 a 2023, os datos históricos débense considerar a título informativo, non como comparación.

A taxa de actividade emprendedora no sector TIC continúa a ser superior á de contidos en 2023.

Durante o ano 2023, o subsector TIC foi o que presentou a Taxa TEA máis elevada, cun 4,4, mentres o subsector dos Contidos acada os 3,6 no último ano.



Gráfico 3. Evolución do Taxa de Actividade Emprendedora (TEA) no Sector TIC e no Sector CONTIDOS (2014-2023)



Fonte: IGE

Nota metodolóxica: en 2023 prodúcese un cambio na definición de "empresa" ao considerar só as "economicamente activas". Por tanto a serie ráchase, o dato non é comparable, e aquí figuran na mesma gráfica a título orientativo.

Número de Empresas

No ano 2023, no conxunto de España, existen 84.186 empresas que desenvolven a súa actividade no Hipersector TIC: o 79,6% pertence ao sector TIC e o 20,4% ao sector contidos.




Relación Galicia-España

Galicia é novamente a quinta comunidade autónoma con maior número de empresas dedicadas a estas actividades, unicamente superada por Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

No 2023, Galicia mantén o **quinto lugar** da clasificación estatal no número de empresas do Hipersector TIC

Gráfico 4. Número de empresas do Hipersector TIC por Comunidades Autónomas. Ano 2023



Fonte: IGE-INE: Directorio de Empresas

Nota metodolóxica: a partir do ano 2023 inclúense unicamente as empresas economicamente activas, polo que os datos non son estritamente comparables cos anos anteriores.

Número de Empresas



Relación Galicia-España

Aumenta o peso das
empresas do Hipersector
TIC de Galicia sobre o
total español do **4,7% ao
4,9%**

Co cambio metodolóxico introducido polo INE en 2023 (non contabilizar empresas economicamente inactivas) descende a cantidade de empresas contabilizadas tanto en España como Galicia, especialmente no sector contidos.

O número de empresas do Hipersector TIC en Galicia reduciuse un 1,7% mentres que en España baixa o 5,7%.

As empresas relacionadas co Hipersector TIC en Galicia no 2023 supoñen o 4,9% do total de empresas dedicadas a esta actividade en España.

Táboa 4. Número de empresas do Hipersector TIC. Galicia-España 2019-2023

ANO	2019	2020	2021	2022	2023
	ESPAÑA				
TIC	65.250	66.682	66.801	70.287	66.977
CONTIDOS	18.112	18.282	18.027	18.948	17.209
HIPERSECTOR	83.362	84.964	84.828	89.235	84.186
	GALICIA				
TIC	2.897	2.961	3.020	3.140	3.108
CONTIDOS	933	958	981	1.030	990
HIPERSECTOR	3.830	3.919	4.001	4.170	4.098

Fonte: IGE-INE: Directorio de Empresas


Nota metodolóxica: a partir do ano 2023 inclúense unicamente as empresas economicamente activas, polo que os datos non son estritamente comparables cos anos anteriores.

Número de Empresas

Co troco de metodoloxía na contabilización de empresas, redúcese o número de unidades en Galicia, tanto do Hipersector TIC como do resto de sectores.

Con todo, o peso do Hipersector TIC mantense estable dentro do tecido empresarial galego, volvendo a situarse no 1,7%.


Mantense así no valor máximo da serie.



Peso relativo do Hipersector TIC

O Hipersector TIC segue mantendo o seu peso no tecido empresarial galego en 2023, representando **o 1,7% das empresas de Galicia**

Gráfico 5. Peso do Hipersector no total de empresas en Galicia (%). Anos 2019-2023



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2019-2023

Nota metodolóxica: a partir do ano 2023 inclúense unicamente as empresas economicamente activas, polo que os datos non son estritamente comparables cos anos anteriores.

Distribución provincial das Empresas do Hipersector TIC



Distribución provincial


O **45,7%** das empresas galegas do Hipersector TIC teñen a súa sede na provincia da **Coruña**

As provincias da Coruña e Pontevedra concentran conxuntamente o 79,1% da totalidade das empresas do Hipersector TIC con sede ou actividade en Galicia.

O número de empresas incrementouse en Ourense no último ano a pesares de que o cambio na metodoloxía aplicada é máis restritivo na contabilización.

A Coruña lidera amplamente en número de empresas, aínda que perde tres décimas no último ano.

Mapa 1. Peso do Hipersector no total de empresas en Galicia (%). Anos 2019-2023



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2019-2023

Distribución provincial das Empresas do sector TIC e Contidos



Distribución provincial

No sector contidos, A Coruña conta con máis da metade das empresas de Galicia.

As provincias da Coruña e Pontevedra concentran conxuntamente a ampla maioría das empresas do sector TIC e aínda máis no sector contidos.


Arredor da terceira parte das empresas, tanto TIC como de Contidos, teñen sede en Pontevedra.

No sector TIC, Ourense ocupa a terceira posición, e a cuarta no sector Contidos.


No sector contidos, máis da metade das empresas teñen sede na provincia de A Coruña.

Mapa 2. Empresas por provincia no sector TIC e Contidos en Galicia (%). Ano 2023

Sector TIC . Empresas 2023



Sector contidos . Empresas 2023



	SECTOR TIC	SECTOR CONTIDOS
A Coruña	1.368	504
Lugo	218	65
Ourense	234	62
Pontevedra	1.051	318
Fóra de Galicia	237	41
Total	3.108	990


Fonte: IGE, Directorio de empresas 2023

Condición Xurídica das Empresas

**A forma xurídica
societaria
representa o 57,2%
das empresas do
Hipersector TIC
fronte ao 42,8% de
persoas físicas
(autónomos/as).**




Gráfico 6. Hipersector TIC en Galicia por condición xurídica



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2019-2023

Tamaño das Empresas

Gráfico 7. Hipersector TIC en Galicia segundo tamaño da empresa




Fonte: IGE, Directorio de empresas: 2023



**O 80,4% das
empresas do
Hipersector TIC
galego contan con 2
traballadores/as ou
menos.**

*O impacto no cambio de metodoloxía: ao considerar a exclusión das empresas economicamente inactivas vemos que se reducen nos estratos ata 5 asalariados/as e aumentan nos de maior tamaño.

Mapa 3. Número de empresas do Hipersector TIC segundo área macrocomarcal*. 2023



Empresas do Hipersector TIC

Áreas macrocomarcais	Empresas	Áreas macrocomarcais	Empresas
Área da Coruña	1003	A Barbanza-Noia	67
Área de Vigo	863	Pontevedra nororiental	52
Área de Santiago	514	A Coruña suroriental	47
Área de Ourense	204	A Mariña	44
Área de Lugo	190	Lugo Sur	26
Área de Pontevedra	165	O Carballiño-O Ribeiro	38
Ferrol,Eume e Ortega	154	Ourense Sur	24
Caldas-O Salnés	119	Lugo oriental	23
Costa da Morte	87	Ourense Central	30
Pontevedra Sur	79	Sede fóra pero actividade en Galicia	278
O Morrazo	91		

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2023


*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais"

Mapa 4. Número de empresas do sector TIC segundo área macrocomarcal. 2023



No subsector das TIC, as empresas concéntranse novamente no **Eixo Atlántico**. Destacan, especialmente, as áreas da **Coruña e Vigo**

- Menos de 50 empresas
- De 50 a 99 empresas
- De 100 a 499 empresas
- 500 ou máis empresas



Empresas do Sector TIC

Áreas macrocomarcais	Empresas	Áreas macrocomarcais	Empresas
Área da Coruña	760	A Barbanza-Noia	51
Área de Vigo	682	Pontevedra nororiental	36
Área de Santiago	336	A Coruña suroriental	32
Área de Ourense	167	A Mariña	28
Área de Lugo	147	Lugo Sur	21
Área de Pontevedra	118	O Carballiño-O Ribeiro	28
Ferrol,Eume e Ortegal	117	Ourense Sur	14
Caldas-O Salnés	82	Lugo oriental	22
Costa da Morte	72	Ourense Central	25
Pontevedra Sur	67	Sede fóra pero actividade en Galicia	237
O Morrazo	66		

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2023


*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais"

Mapa 5. Número de empresas do sector Contidos segundo área macrocomarcal. 2023



No subsector contidos, as
empresas concéntranse
na áreas da **Coruña, Vigo**
e **tamén Santiago**.

- Menos de 20 empresas
- De 20 a 49 empresas
- De 50 a 99 empresas
- 100 ou máis empresas




Empresas do Sector Contidos

Áreas macrocomarcais	Empresas	Áreas macrocomarcais	Empresas
Área da Coruña	243	A Barbanza-Noia	16
Área de Vigo	181	Pontevedra nororiental	16
Área de Santiago	178	A Coruña suroriental	15
Área de Ourense	37	A Mariña	16
Área de Lugo	43	Lugo Sur	5
Área de Pontevedra	47	O Carballiño-O Ribeiro	10
Ferrol, Eume e Ortegal	37	Ourense Sur	10
Caldas-O Salnés	37	Lugo oriental	1
Costa da Morte	15	Ourense Central	5
Pontevedra Sur	12	Sede fóra pero actividade en Galicia	41
O Morrazo	25		

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2023


*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais"

Mapa 6. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Coruña. 2023




24 concellos da provincia da Coruña contan con 10 ou máis empresas encadradas no Hipersector TIC (-2 concellos respecto ao ano anterior). Sobresaíndo fronte ao resto, **A Coruña e Santiago de Compostela** son os concellos que contan cun maior número de empresas do Hipersector TIC na provincia ascendendo a **670** (-34) empresas no concello da Coruña e **329** (-11) no de Santiago de Compostela. O único concello que pasa a ter máis de 9 e non aparecía o ano anterior nesta lista é **Malpica de Bergantiños**.

Mapa 7. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Lugo. 2023



O concello de **Lugo** é o que conta co maior número de empresas (156) do Hipersector TIC na provincia, tres menos que o ano anterior. Non cambian os concellos que acadan as 10 empresas e o número de empresas asentadas en cada un deles: 10 en Monforte de Lemos, 15 en Sarria e 12 Viveiro.


Mapa 8. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Ourense. 2023



Na provincia destaca a cidade de **Ourense con 152 empresas** do Hipersector TIC (+10), seguida das 28 San Cibrao das Viñas (-6) e as 17 de O Carballiño (=). Desaparece dos concellos con máis de 10 empresas Xinzo da Limia, que pasa de 10 a 7 no último ano.

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2023

Mapa 9. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Pontevedra. 2023




Na provincia de Pontevedra hai **23 concellos** que superan as **10 empresas** do Hipersector TIC, un máis que o ano anterior. Destacan especialmente as **680 empresas de Vigo** (-49) e as **130 Pontevedra** (-4). O novo concello que que supera as 9 empresas do Hipersector TIC é **Bueu** (12).

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2023

Peso do Hipersector TIC na economía galega

O valor engadido bruto (VEB) do Hipersector TIC galego aumentou un 10,3% no último ano e supera por primeira vez os dous mil millóns de euros. Con todo, mantén estable o seu peso relativo na economía galega, e queda no 2,93%, xa que o PIB galego tamén aumentou notablemente.

No sector TIC en 2022, o VEB supera os 1.800 millóns de euros. Tivo un crecemento do 9,5% no último ano, aumentando en máis de 156 millóns de euros. O sector contidos sube un 15,5%, máis de 38 superior a 2021.




O Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC galego crece en máis de 194 millóns de euros, superando xa os 2.000 . Aumenta o 10,3% no último ano.

Gráfico 8. Evolución do Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC respecto do PIB galego (5 anos)



Fonte: IGE

**Gráfico 9. Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC en Galicia. (5 anos)
Datos en miles de euros**



Fonte: IGE. Datos en miles de euros; (p) provisional

2 EMPREGO

O número de empregados/as no Hipersector TIC incrementouse nun 1,9% no último ano.

No 2024, o Hipersector TIC incrementou o número de traballadores/as ata os 29.099, o que supón un crecemento do 1,9% dende o ano anterior.

O incremento débese case en exclusiva ao crecemento do sector TIC, quedando bastante estable no dos contidos:

- O Sector Contidos conta actualmente con 5.632 traballadores/as, aumentando nun 0,1% no último ano (+8).
- O Sector TIC crece con maior intensidade (2,3%), acadando os 23.467 traballadores/as, 535 máis que o ano anterior.

Gráfico 10. Número de empregados/as do Hipersector TIC en Galicia. 2019-2024



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2019-2024

Emprego por provincias



A provincia da Coruña aglutina o **62%** dos traballadores/as do **Hipersector TIC** de Galicia.

A provincia da Coruña é a que conta con maior número de traballadores/as no Hipersector TIC (18.046) e tamén é a que única que crece (+724). Pontevedra ocupa ao 27,8% de traballadores/as do Hipersector TIC en 2024.

En canto á distribución territorial, a provincia que aglutina a maior parte dos traballadores /as TIC é A Coruña, acollendo ao 62% do total do emprego do Hipersector TIC de Galicia. Séguelle Pontevedra, cun 27,8%.





Gráfico 11. Evolución do emprego no Hipersector TIC (2019-2024) segundo provincias




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2019-2024

Emprego por provincias

No **Sector TIC**, o emprego crece nas provincias de A Coruña e Ourense o, e baixa en Lugo e Pontevedra.


A Coruña segue sendo a provincia con máis emprego do sector TIC de Galicia (61,4%)

Gráfico 12. Evolución do emprego no Sector TIC (2019-2024) segundo provincias



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2019-2024

Gráfico 13 . Evolución do emprego no Sector Contidos (2019-2024) segundo provincias



No **Sector Contidos** o emprego permanece bastante estable dende o ano anterior. Sube lixeiramente en Lugo e Pontevedra e baixa 30 ou menos en A Coruña e Ourense.

O 64,5% do emprego deste sector sitúase na provincia de A Coruña.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2019-2024

Emprego por área de actividade



A actividade que máis emprego xera en 2024, por segundo ano consecutivo é "Tecnoloxía da información e do servizo informativo", con 1.030 empregados/as máis este ano e 2.010 nos dous últimos.

Pola contra, "Telecomunicacións" presenta tendencias máis inestables, alternando subidas e baixadas

A actividade que rexistrou un maior crecemento absoluto no emprego no **Sector TIC** foi novamente "Actividades da tecnoloxía da información e do servizo informativo", con 1.030 empregados/as máis que no 2023 e 2010 máis que 2022, cun crecemento relativo do 14,1% en só dous anos.

Só outras dúas actividades máis crecen, pero a moita distancia: Portais web, procesamento de datos e aloxamento (+62) e Edición e actividades editoriais (+49).

Publicacións Tic permanece estable e o resto baixan, aínda que só as telecomunicacións o fai en máis de 90 traballadores/as (-392)


Clasificación en áreas de actividade CNAE-2009: <http://www.ine.es/daco/daco42/inditic/metoinditic.pdf>

MANUFACTUREIRAS TIC: 2610.Fabricación de compoñentes electrónicos e Fabricación de placas electrónicas cargadas, 2620.Fabricación de computadoras e equipo periférico, 2630.Fabricación de equipos de comunicacións, 2640.Fabricación de aparellos de consumo electrónico, 2680.Fabricación de soportes magnéticos e ópticos.

- **INDUSTRIAS COMERCIAIS:** 4651.Comercio por xunto de computadoras, equipo informático periférico e programas informáticos, 4652.Comercio por xunto de equipo electrónico de telecomunicacións e dos seus partes e pezas.
- **ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC:** 5821.Industria editorial de xogos de computador, 5829.Outros tipos de edición de programas informáticos
- **TELECOMUNICACIÓNS:** 6110.Actividades de telecomunicacións por cable, 6120.Actividades de telecomunicacións sen fíos, 6130.Actividades de telecomunicacións por satélite, 6190.Outras actividades de telecomunicación.
- **ACTIVIDADES DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DO SERVIZO INFORMATIVO:** 62.01.Actividades de programación informática, 62.02.Actividades de consulta de tecnoloxía da información, 62.03.Actividades de dirección de instalacións de computador, 62.09.Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de computadoras.
- **PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES CONEXAS:** 63.11.Procesamento de datos, aloxamento (aloxamento) e actividades conexas, 63.12.Portais web.
- **REPARACION DE COMPUTADORAS E EQUIPOS COMUNICACIONAIS:** 9511.Reparación de computadoras e equipo periférico, 9512.Reparación de equipos comunicacionais.
- **EDICIÓN DE LIBROS, XORNAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EDITORIAIS :** 5811.Edición de libros, 5812.Edición de directorios e guías de direccións postais, 5813.Edición de xornais, 5819.Outras actividades editoriais.
- **ACTIVIDADES CINEMATOGRAFICAS, DE VÍDEO E DE PROGRAMAS DE TELEVISION:** 5911.Actividades de produción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5912.Actividades de postproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5913.Actividades de distribución cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5914.Actividades de exhibición cinematográfica.
- **ACTIVIDADES DE GRAVACIÓN DE SON E EDICIÓN MUSICAL :** 592.Actividades de gravación de son e edición musical
- **ACTIVIDADES DE PROGRAMACIÓN E EMISIÓN DE RADIO E TELEVISIÓN:** 601.Actividades de radiodifusión, 602.Actividades de programación e emisión de televisión
- **OUTROS SERVIZOS DE INFORMACIÓN :** 6391.Actividades das axencias de noticias

Emprego por área de actividade

Gráfico 14. Desglose segundo CNAE do HIPERSECTOR TIC. Anos 2022, 2023 e 2024



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2022-2023-2024

Clasificación en áreas de actividade CNAE-2009: <http://www.ine.es/daco/daco42/inditit/metoinditit.pdf>

- **CNAE 261, 262, 263 e 264:** MANUFACTUREIRAS TIC: 2610.Fabricación de compoñentes electrónicos e Fabricación de placas electrónicas cargadas, 2620.Fabricación de computadoras e equipo periférico, 2630.Fabricación de equipos de comunicacións, 2640.Fabricación de aparellos de consumo electrónico, 2680.Fabricación de soportes magnéticos e ópticos.
- **CNAE 465:** INDUSTRIAS COMERCIAIS: 4651.Comercio por xunto de computadoras, equipo informático periférico e programas informáticos, 4652.Comercio por xunto de equipo electrónico de telecomunicacións e dos seus partes e pezas.
- **CNAE 582:** ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC: 5821.Industria editorial de xogos de computador, 5829.Outros tipos de edición de programas informáticos
- **CNAE 611, 612, 613 e 619:** TELECOMUNICACIÓN: 6110.Actividades de telecomunicacións por cable, 6120.Actividades de telecomunicacións sen fíos, 6130.Actividades de telecomunicacións por satélite, 6190.Outras actividades de telecomunicación.
- **CNAE 620:** ACTIVIDADES DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DO SERVIZO INFORMATIVO: 62.01.Actividades de programación informática, 62.02.Actividades de consulta de tecnoloxía da información, 62.03.Actividades de dirección de instalacións de computador, 62.09.Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de computadoras.
- **CNAE 631:** PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES CONEXAS: 63.11.Procesamento de datos, aloxamento (aloxamento) e actividades conexas, 63.12.Portais web.
- **CNAE 951:** REPARACION DE COMPUTADORAS E EQUIPOS COMUNICACIONAIS: 9511.Reparación de computadoras e equipo periférico, 9512.Reparación de equipos comunicacionais.
- **CNAE 581:** EDICIÓN DE LIBROS, XORNAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EDITORIAIS : 5811.Edición de libros, 5812.Edición de directorios e guías de direccións postais, 5813.Edición de xornais, 5819.Outras actividades editoriais.
- **CNAE 591:** ACTIVIDADES CINEMATOGRAFICAS, DE VÍDEO E DE PROGRAMAS DE TELEVISION: 5911.Actividades de produción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5912.Actividades de postprodución cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5913.Actividades de distribución cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5914.Actividades de exhibición cinematográfica.
- **CNAE 592:** ACTIVIDADES DE GRAVACIÓN DE SON E EDICIÓN MUSICAL : 592.Actividades de gravación de son e edición musical
- **CNAE 601 e 602:** ACTIVIDADES DE PROGRAMACIÓN E EMISIÓN DE RADIO E TELEVISIÓN: 601.Actividades de radiodifusión, 602.Actividades de programación e emisión de televisión
- **CNAE 639:** OUTROS SERVICIOS DE INFORMACIÓN : 6391.Actividades das axencias de noticias

Emprego por área de actividade

Gráfico 15. Desglose segundo CNAE do Sector TIC. Anos 2020-2024





Gráfico 16. Desglose segundo CNAE do Sector Contidos. Anos 2020-2024




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020-2024

Emprego segundo xénero


A análise do emprego dende unha perspectiva de xénero no **Hipersector TIC** indica que o **66,4%** dos traballadores son homes e o **33,6%** son mulleres (+0,2 puntos no último ano). No **Sector TIC**, a porcentaxe de mulleres é do **31,1%** e, no **Sector Contidos**, as mulleres son o **44%** do total de traballadores/as.

Gráfico 17. Distribución por xénero do emprego no Hipersector TIC. Ano 2024



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2024

Gráfico 18. Evolución do emprego por xénero do emprego no Hipersector TIC. Ano 2019-2024




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2019-2024

FENDA DE XÉNERO


A porcentaxe de mulleres empregadas no Hipersector TIC é do **33,6%**. O emprego crece en ambos xéneros pero, por cuarto ano consecutivo, este crecemento é maior no caso do emprego feminino (2,5%).

Emprego por réxime de cotización

Gráfico 19. Distribución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2024




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2024



O 85,4% dos traballadores/as do **Hipersector TIC** cotizan no **Réxime Xeral**, mentres que o **14,6%** desempeña o seu traballo baixo o **Réxime Especial de Autónomos/as**.

No último ano, o incremento no Réxime Xeral foi do 1,7%, e no Réxime Especial de Autónomos/as o incremento foi do 3,4%.

Gráfico 20. Evolución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC. Ano 2019-2024



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2019-2024

Emprego por réxime de cotización e provincia


Tendo en conta o réxime de afiliación e a provincia do traballador/a, é a de Lugo na que se acada unha maior porcentaxe de autónomos/as no Hipersector TIC, cun 24,5% de afiliados/as.

A Coruña é a provincia que conta cun maior peso de afiliados/as ao Réxime Xeral dentro do Hipersector TIC, cunha porcentaxe do 89,1%.



No 2024, **A Coruña** é, novamente, a provincia que conta cunha maior porcentaxe de **traballadores/as no Réxime Xeral, co 89,1%**. Pola súa banda, **máis do 20% de traballadores/as do Hipersector TIC das provincias de Pontevedra, Lugo e Ourense, son autónomos/as.**


Gráfico 21. Distribución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2024 segundo a provincia



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2024

Emprego por áreas comarcais

Mapa 10. Número de traballadores/as do Hipersector TIC segundo área de residencia. 2024



Número de traballadores / as do Hipersector TIC. Galicia 2024

Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as
Área da Coruña	8.117
Área de Vigo	5.306
Área de Santiago	3.451
Alta en Galicia / Outras residencias	1.851
Ferrol,Eume e Ortegal	1.385
Área de Ourense	1.194
Lugo Central	1.043
Área de Pontevedra	1.000
Caldas-O Salnés	790
Pontevedra sur	713
Área de A Costa da Morte	723


Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as
O Morrazo	677
A Barbanza-Noia	567
A Coruña suroriental	450
Pontevedra nororiental	366
Lugo oriental	297
A Mariña	272
Lugo Sur	255
O Carballiño-O Ribeiro	207
Ourense sur	234
Ourense central	201
TOTAL	29.099

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2024

*As sumas non son iguas aos resultados por provincias xa que naquel caso dependía do lugar de cotización da empresa e neste, do lugar de residencia do traballador/a.

Emprego por áreas comarcais

Mapa 11. Número de traballadores/as do Sector TIC segundo área de residencia. 2024



Número de traballadores / as do Sector TIC. Galicia 2024


Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as
Área da Coruña	6.793
Área de Vigo	4.519
Área de Santiago	2.304
Alta en Galicia / Outras residencias	1.685
Ferrol,Eume e Ortegal	1.028
Área de Ourense	949
Área de Pontevedra	758
Lugo Central	760
Pontevedra sur	617
Caldas-O Salnés	615
Área de A Costa da Morte	613

Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as
O Morrazo	563
A Barbanza-Noia	458
A Coruña suroriental	353
Lugo oriental	284
Pontevedra nororiental	274
Lugo Sur	214
A Mariña	174
Ourense central	162
O Carballiño-O Ribeiro	160
Ourense sur	184
TOTAL	23.467

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2024
*As sumas non son iguas aos resultados por provincias xa que naquel caso dependía do lugar de cotización da empresa e neste, do lugar de residencia do traballador/a.

Emprego por áreas comarcais

Mapa 12. Número de traballadores/as do Sector Contidos segundo área de residencia. 2024



Número de traballadores / as do Sector Contidos. Galicia 2024

Áreas macrocomarcais	Número de traballadores/as	Áreas macrocomarcais	Número de traballadores/as
Área da Coruña	1.324	A Barbanza-Noia	109
Área de Santiago	1.147	A Coruña suroriental	97
Área de Vigo	787	A Mariña	98
Ferrol,Eume e Ortegál	357	Pontevedra sur	96
Lugo Central	283	Pontevedra nororiental	92
Área de Ourense	245	Ourense sur	50
Área de Pontevedra	242	O Carballiño-O Ribeiro	47
Caldas-O Salnés	175	Lugo Sur	41
Alta en Galicia / Outras residencias	166	Ourense central	39
Área de A Costa da Morte	110	Lugo oriental	13
O Morrazo	114	TOTAL	5.632


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2024
*As sumas non son iguas aos resultados por provincias xa que naquel caso dependía do lugar de cotización da empresa e neste, do lugar de residencia do traballador/a.

3 COMERCIO EXTERIOR

O Hipersector TIC exportou máis de **136 millóns de euros** no ano 2023.



Gráfico 22. Balanza comercial do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2023 (miles de euros)



No ano 2023, as exportacións do **Hipersector TIC** aumentaron o **13,2%**.
As **importacións** baixaron no último ano **(-25,1%)**.
O **déficit comercial** redúcese así nun **85,3%**.

Fonte: IGE 2023

Táboa 5. Balanza Comercial do Hipersector TIC en Galicia. (2018-2023).

	2018	2019	2020	2021	2022	2023
BALANZA COMERCIAL (miles de euros)						
TIC	-28.649,9	-39.077,5	-59.800,9	-82.979,8	-80.092,7	-15.589,9
CONTIDOS	-69,0	-1.129,9	1.087,6	1.468,2	3.095,6	4.277,6
HIPERSECTOR	-28.718,9	-40.207,4	-58.713,3	-81.511,6	-76.997,1	-11.312,3

Fonte: IGE, 2018-2023

* **Nota metodolóxica:** neste capítulo considerárase comercio exterior referido ao comercio de bens. Polo tanto, as CNAEs que computan son:

- Sector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582
- Sector Contidos -> CNAEs 581, 591, 592
- Hipersector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582, 581, 591, 592


Exportacións

As exportacións do subsector TIC creceron nun 14,8% no 2023 polo pulo da fabricación de computadoras e de equipos periféricos (CNAE 2620), cun crecemento do 46,4% (+10 millóns) e a Fabricación de produtos electrónicos de consumo (CNAE 2640), que medrou un 40,1% (+7 millóns) respecto ao último ano.

En canto ao sector Contidos, a actividade que máis aumenta a facturación é Actividades editoriais (5819) ao subir máis de 900 mil euros e Edición de periódicos (5813) que aumenta en máis de 200 mil. Pero globalmente o sector contidos baixa porque as exportacións de Edición de libros (5811) descenden cerca de dous millóns.

Táboa 6. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2022-2023

EXPORTACIÓNS			
	CNAE	VALORES 2022 (miles de euros)	VALORES 2023 (miles de euros)
Sector TIC	2611	2.910,4	3.648,5
	2612	3.977,6	6.730,0
	2620	22.692,6	33.228,4
	2630	61.625,6	56.713,2
	2640	18.061,9	25.306,6
	2680	171,4	9,2
	5829	23,7	1,3
	Total	109.463,2	125.637,3
CRECEMENTO 2022-23: +14,8%			
Sector Contidos	5811	6.823,6	5.085,18
	5813	512	733,465
	5814	1.758,1	1.673,11
	5819	1.564,0	2.478,56
	5915	690,3	1.091,1
	5920	83,1	128,3
	Total	11.431,1	11.189,75
CRECEMENTO 2022- 2023: -2,1%			
HIPERSECTOR TIC	Total	120.894	136.827
CRECEMENTO 2022- 2023: +13,2%			




As exportacións de **equipos de telecomunicacións** superan os 56 millóns de euros, o que supón o **45,1%** das exportacións do Sector TIC en Galicia.


Fonte: IGE, ano 2022-2023

Exportacións

Gráfico 23. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2023




Fonte: IGE, ano 2023



As **exportacións** máis importantes do Hipersector TIC proceden do **Sector TIC**, e o 45,1% encádranse na actividade de **Fabricación de equipos de telecomunicacións**

Gráfico 24. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2018-20223



Fonte: IGE, ano 2018-2023

Importacións

No ano 2023, as importacións do sector TIC reducíronse nun 25,5% debido principalmente á baixada de case 30 millóns do sector de Fabricación de compoñentes electrónicos (2611) e case 13 de Fabricación de equipos electrónicos e de transmisión de datos.

No sector Contidos o que máis baixa, máis de 2 millóns de euros, é "outras actividades editoriais" (CNAE 5819), ao importar menos de dous millóns, que eran case catro o ano anterior.

Táboa 7. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2022-2023


IMPORTACIÓNS			
	CNAE	VALORES 2022 (miles de euros)	VALORES 2023 (miles de euros)
Sector TIC	2611	63.657,0	34.660,8
	2612	3.065,2	2.668,6
	2620	30.468,1	24.657,0
	2630	71.719,6	58.920,7
	2640	20.364,5	19.918,2
	2680	257,1	308,3
	5829	24,4	93,6
	Total	189.555,9	141.227,2
CRECEMENTO 2022-2023: -25,5%			
Sector Contidos	5811	3.382,1	3.841,9
	5813	0,2	1,0
	5814	148,2	70,4
	5819	3.959,4	1.835,5
	5915	745,4	1.033,8
	5920	100,2	129,7
	Total	8.335,4	6.912,2
CRECEMENTO 2022-2023: -17,1%			
HIPERSECTOR TIC	Total	197.891	148.139
CRECEMENTO 2022-2023: -25,1%			



Fonte: IGE, ano 2022-2023

Importacións

Gráfico 25. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2023



Fonte: IGE, ano 2023

Nos últimos anos crece o peso das importacións de "Fabricación de equipos de telecomunicaciones" ata o 39,8% do Hipersector TIC, en detrimento de "Fabricación de componentes electrónicos" (23,4%)





Gráfico 26. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2018-2023



Fonte: IGE, ano 2018-2023

4 INNOVACIÓN TECNOLÓXICA


No período **2020-2022**, **1.774** empresas galegas de 10 ou máis empregados/as **realizaron algunha actividade innovadora**.

Neste capítulo descríbese a actividade innovadora das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as. Dende o ano 2023 a enquisa pasa a ser bianual, por tanto non se realizou en 2024. Así, os datos ofrecidos neste informe son os da toma de datos de 2023, xa chegará a actualización cos datos de 2025 ata o ano 2026.

As actividades innovadoras comprenden calquera actividade sobre produtos ou procesos novos ou mellorados, incluíndo actividades en curso ou abandonadas.

No período 2020-2022, 1.774 empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as realizaron algún tipo de actividade innovadora, o que representa o 23,6% das empresas galegas deste segmento empresarial.

Gráfico 27. Nº de empresas con actividades innovadoras en Galicia. 2020-2022



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2022


(*) **NOTA IMPORTANTE:** Na Enquisa de Innovación correspondente ao ano 2018 prodúcese unha ruptura da serie debido ao cambio metodolóxico da nova versión do Manual de Oslo. Por ese motivo, non se poden realizar comparacións cos datos publicados en anos anteriores. Ademais, a enquisa pasa a ter unha periodicidade bianual en vez de anual coma ata ese ano

Innovación Tecnológica

Galicia ocupa a **sexta** posición no ranking de **empresas innovadoras.**




Gráfico 28. Nº de empresas con actividades innovadoras en España. 2020-2022



Fonte: Elaboración propia a partir de datos. INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2022

Mapa 13. Porcentaxe de empresas innovadoras por CCAA. 2020-2022



Fonte: Elaboración propia a partir de datos. INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2022

Empresas Innovadoras



No período **2020-2022**, o **23,6%** das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as **realizou algunha actividade innovadora.**

Comparativamente, a porcentaxe de empresas galegas de 10 ou máis empregados/as que realizaron algunha innovación entre 2020 e 2022 é do 23,6% en Galicia, valor case idéntico á media estatal, que foi do 23,9%.





Gráfico 29. Nº de empresas con actividades innovadoras en España. 2020-2022




Fonte: Elaboración propia a partir de datos INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, 2020-2022

Gasto en I+D



As empresas galegas de 10 ou máis empregados/as destinaron máis de **751 millóns** de euros a gastos internos de **I+D no ano 2022**, o que supón un incremento do **7,7% respecto ao ano anterior**.


Gráfico 31. Evolución dos gastos internos totais en I+D en Galicia . (2017-2022)



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2017-2022

Gasto en I+D

Mapa 15. Gasto en Actividades Innovadoras por CCAA (I+D interna. Ano 2022 (miles de euros)




Fonte: INE, Estadística de I+D, 2022

Considerando o total do territorio estatal, os gastos internos en I+D sitúanse no 19.324.755 miles de € no ano 2022. A Comunidade galega ocupa o sétimo posto do ranking estatal con 751.045 miles de euros, só por detrás de Comunidades como Madrid, Cataluña, Andalucía, País Vasco, Comunidade Valenciana e Castela e León.




Galicia sitúase na sétima posición das Comunidades que **máis investiron en I+D** respecto ao conxunto estatal.

Persoal en I+D



O número de **traballadores / as en I+D** a xornada completa en Galicia sitúase en **12.350 persoas** no ano 2022, o que supón un **crecemento do 8% respecto ao ano anterior.**

Gráfico 32. Evolución do persoal en I+D en Galicia (2017-2022)



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2017-2022

No 2022, no ámbito estatal estaban rexistrados 263.407 traballadores/as en I+D, dedicados a xornada completa. A cifra de traballadores/as en I+D a xornada completa en Galicia sitúase nos 12.350 empregados/as, ocupando a sexta posición no ranking nacional por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, Comunidade Valenciana e País Vasco.

Persoal en I+D: Mulleres

Galicia permanece en sexta posición das Comunidades que conta **con máis persoal feminino en I+D** respecto ao conxunto estatal.

As **mulleres a xornada completa en I+D en Galicia** representan o **40,6% dos** empregados/as de I+D.





Gráfico 33. Persoal en I+D en xornada completa. Mulleres. 2022



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2022


Empresas Innovadoras



O gasto en innovación Hipersector TIC galego ascendeu neste período a máis de **164 millóns de euros, dos cales o 66,4% está destinado a I+D interna. É o 20% do total do gasto en innovación en Galicia (824 millóns de euros)**


O gasto en innovación do Hipersector TIC galego aumenta en máis de 46 millóns no último ano (+38,8%).

Gráfico 34. Gasto en Innovación de empresas galegas do Hipersector TIC (en miles de euros)



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2020-2022, 2018-2020, 2017-2019

Gráfico 35. Gastos en actividades innovadoras en Galicia das empresas do Hipersector TIC do Estado (en miles de euros)




Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2020-2022, 2018-2020, 2017-2019

Empresas Innovadoras




O 45,8% das empresas galegas de 10 ou máis empregados /as do Hipersector TIC realizou actividades innovadoras en 2022, principalmente **innovacións de produto (84,5%) e tecnolóxicas de procesos (88,7%)**.

Gráfico 36. Tipoloxía en innovación de empresas do Hipersector TIC



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2020-2022

Gráfico 37. Tipoloxía de gasto en innovación de empresas do Hipersector TIC



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2020-2022

A innovación e a I+D+I no Hipersector TIC de Galicia


A intensidade innovadora é a ratio dos gastos en actividades innovadoras respecto da cifra total de negocio. No caso do Hipersector TIC, este valor ascende ao 7,85% nas empresas que realizan actividades de I+D fronte ao 6,12% do conxunto das empresas do Hipersector.

Un dos impactos da actividade innovadora máis relevante prodúcese nos "procesos de negocio", con 130 empresas innovadoras. Séguenlle as que innovan en procesamento de información ou comunicación (80) e en métodos de fabricación ou produción (68).



A ratio de intensidade de innovación sobre a cifra de negocio sitúase no 7,85% entre as empresas do Hipersector TIC galegas de 10 ou máis empregados/as que realizan actividades I+D+I.

Gráfico 38. Intensidade Innovadora. Hipersector TIC



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2020-2022

Gráfico 39. Empresas innovadoras por tipo de innovación. Hipersector TIC




Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2020-2022

A innovación e a I+D no Hipersector TIC



O 23,2% das empresas do Hipersector TIC
declaran que as súas actividades innovadoras tiveron
impacto na cifra de negocios.

Gráfico 40. Impacto económico das innovacións de produto, % sobre a cifra de negocios



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2020-2022

5 PATENTES


As patentes son **indicadores de innovación** por amparar as invencións orientadas á mellora industrial.

A Organización Mundial da Propiedade define a patente como “un dereito exclusivo concedido a unha invención, é dicir, a un produto ou procedemento que aporta, en xeral, unha nova maneira de facer algo ou unha nova solución técnica a un problema”.

Son patentables aquelas invencións novas que impliquen unha actividade inventiva e sexan susceptibles de aplicación industrial. A lexislación española, ao respecto, distingue entre patentes e modelos de utilidade.

Esta última modalidade resérvase a aquelas invencións de menor rango que, sendo novidades, consisten en dar a un obxecto unha configuración, estrutura ou constitución da que se derive algunha utilidade ou vantaxe práctica.

As patentes constitúen un indicador recoñecido como útil para medir os resultados xerados polas actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, na medida en que protexen unha invención particular.



Patentes



No ano 2024, a oficina española de Patentes e Marcas concedeu **79 modelos de utilidade e 28 patentes en Galicia.**


O período de protección no caso dos modelos de utilidade é de 10 anos, cando as patentes posúen unha efectividade de 20 anos.

As patentes de invención e os modelos industriais, xunto coas marcas, conforman a propiedade industrial.

No ano 2024, a Oficina Española de Patentes e marcas concedeu 28 expedientes de patentes e 79 modelos de utilidade a entidades galegas.

A tendencia indica que os modelos de utilidade cobran cada vez maior peso respecto ás patentes, e o total presenta unha tendencia estable nos últimos tres anos.

Gráfico 41. Patentes e Modelos de Utilidade concedidos a entidades en Galicia. Ano 2015-2024



Fonte: Oficina Española de Patentes e Marcas, anos 2015-2024

Anexo: Definición de áreas macrocomarcais

Provincia da Coruña

- Ferrol-Eume-Ortegal: comprende as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.
- Área da Coruña: comprende as comarcas da Coruña e Betanzos.
- Área da Costa da Morte: comprende as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Soneira e Xallas.
- A Coruña suroriental: comprende as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide.
- Área de Santiago: comprende as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago.
- A Barbanza-Noia: comprende as comarcas da Barbanza e Noia.

Provincia de Lugo

- Lugo oriental: comprende as comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria.
- Lugo sur: comprende as comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos.
- Lugo central: comprende as comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá.
- A Mariña: comprende as comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental.

Provincia de Ourense

- O Carballiño-O Ribeiro: comprende as comarcas do Carballiño e O Ribeiro.
- Ourense central: comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras.
- Ourense sur: comprende as comarcas da Limia, a Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana.
- Área de Ourense: comprende a comarca de Ourense.

Provincia de Pontevedra

- Pontevedra nororiental: comprende as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
- Pontevedra sur: comprende as comarcas da Paradanta, O Baixo Miño e O Condado.
- Área de Pontevedra: comprende a comarca de Pontevedra.
- Caldas-O Salnés: comprende as comarcas de Caldas e O Salnés.
- Área de Vigo: comprende a comarca de Vigo.
- O Morrazo: comprende a comarca do Morrazo.

